

Presentada a obra gañadora da edición do premio Fiz Vergara 2014

• *O libro «Oenach», de Marcos Abalde, foi a distinguida polo xurado o ano pasado*

X.M.P., Lugo, 03 de outubro de 2015. Actualizado a las 20:01 h.



FOTO: LÓPEZ PAZ.

A obra «Oenach», de Marcos Abalde, foi a gañadora do premio Fiz Vergara na edición do ano pasado. O libro presentouse o xoves pola noite en Sarria, nun acto ao que asistiron varios membros do xurado e houbo unha actuación musical. O certame, organizado pola Asociación Cultural Ergueitos, ten xa gañadora neste 2015, Charo López. A entrega tivo lugar onte pola noite, e a autora recibiu unha obra do artista sarriao Toño de López.